

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 31.10.2018 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 31 de outubro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

38956 (10/CPC-000079)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para trasladar informe sobre a situación de transformación técnica actual e perspectivas estratéxicas da CRTVG

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 374, do 19.10.2018

Punto 2. Preguntas

2.1

37704 (10/POC-005951)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a decisión de substituír as traballadoras da TVG que exerceron o seu dereito á folga o día 8 de marzo de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018

2.2

37980 (10/POC-005989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o tratamento informativo dado pola Corporación Radio e Televisión de Galicia á nova referida aos supostos delitos de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral no Concello de Lalín

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 368, do 10.10.2018

2.3

38666 (10/POC-006064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da retransmisión en directo pola TVG do desfile militar das Forzas Armadas españolas o 12 de outubro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 371, do 16.10.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2018

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
Paula Vázquez Verao	EM

Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 38956(10/CPC-000079)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para trasladar informe sobre a situación de transformación técnica actual e perspectivas estratéxicas da CRTVG

Publicación da iniciativa, 374, 19.10.2018



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

galicia



Trasládolle escrito do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia no que solicita comparecer perante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL CENTRAL

Entrada n.º 059
data 17-OUT-2018

17 OUT. 2018
Núm. 38956

CTVVG CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA Dirección Xeral

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

17 OUT. 2018
ENTRADA
Núm. 626

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

Por medio da presente solicito a comparecencia diante da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, ao abeiro do artigo 48 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, para trasladarlle informe sobre a situación de transformación técnica actual e perspectivas estratéxicas da CRTVG.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018.

O Director Xeral da
Corporación Radio e Televisión de Galicia

Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo

**SRA. DIRECTORA XERAL DE RELACIÓN INSTITUCIONAIS E
PARLAMENTARIAS
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA.**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 37704(10/POC-005951)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a decisión de substituír as traballadoras da TVG que
exerceron o seu dereito á folga o día 8 de mazo de 2018

Publicación da iniciativa, 365, 03.10.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**.

A folga feminista do pasado 8 de marzo foi unha xornada histórica que puxo de manifesto a necesidade de virar cara políticas e prácticas respectuosas coa igualdade. O paro foi un éxito dende a mesma medianoite, malia o intento por parte das institucións públicas de boicotear as mobilizacións.

Recentemente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenou á TVG por vulnerar o dereito á folga. Durante a xornada, a corporación chamou a traballadores para substituír ás mulleres que estaban exercendo o seu dereito a participar na protesta. Iso permitiulle, entre outras cousas, substituír á presentadora do informativo Galicia noticias por un home. O obxectivo era diminuír o efecto da folga obrigando aos traballadores a facer as labores das súas compañeiras.

Segundo o TSXG, “nin o empresario pode impoñer aos traballadores non folguistas a realización de tarefas que corresponden a quen secundaron a convocatoria”, “nin os traballadores que deciden libremente non secundala, poden substituír o traballos dos seus compañeiros”, máis alá dos servizos mínimos. “A prohibición da substitución interna dos traballadores é consecuente coa necesidade de garantir a efectividade do dereito fundamental”.



Agora, o TSXG vén de condenar á Xunta por vulnerar o dereito á folga o 8 de marzo cun decreto de servizos mínimos “malicioso” que lle produce un “rotundo rexeitamento”. O decreto frustrou o dereito á folga de, polo menos, tres departamentos da Administración autonómica –da Presidencia da Xunta, do centro de emerxencias do 112 e do Parque das Illas Atlánticas– e da CRTVG.

O TSXG concluíu que a Xunta abusou “da súa posición como autoridade gobernativa” ao publicar o decreto o día antes da folga, restrinxindo, desta maneira, o prazo de impugnación dunha maneira inxustificada. O Tribunal mantén que “tal premura impediu un exame en profundidade de tódolos servizos afectados”, e non foi consistente nin coa “eficacia” nin coa “boa fe”.

Con isto sobre a mesa, o Tribunal anulou o decreto de servizos mínimos nos tres departamentos máis na CRTVG e puxo á Xunta o pagamento das costas xudiciais do proceso sen fixar un límite cuantitativo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Quen tomou a decisión de substituír ás mulleres que foron á folga o 8 de marzo?
- A CRTVG vai tomar algunha medida para sancionar a que tomou a decisión?
- A CRTVG pensa actuar da mesma maneira en futuras folgas ou a partir de agora vai defender o dereito á folga dos traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 16:58
Nº Rexistro: 37704
Data envío: 27/09/2018 16:58:00.088



Asdo.: Flora María Miranda Pena,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 27/09/2018 16:53:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2018 16:53:58

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 37980(10/POC-005989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre o tratamento informativo dado pola Corporación Radio e
Televisión de Galicia á nova referida aos supostos delitos de
falsificación de documentos públicos, revelación de segredos
e acoso laboral no Concello de Lalín

Publicación da iniciativa, 368, 10.10.2018



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O xoves, 30 de novembro de 2017, a TVG publicaba a seguinte nova que se transcribe literalmente da páxina web da propia televisión:

“En Lalín, o tenente de alcalde e concelleiro de Servizos Sociais foi detido como o suposto autor dos delitos de falsificación de documentos públicos, revelación de segredos e acoso laboral. A investigación parte da denuncia presentada o mes pasado por un traballador do concello. Tras declarar ante a Garda Civil, o edil manifestou que é totalmente inocente e que colaborará coa xustiza se o caso chega aos tribunais.”

Esta información segue a estar presente na web da CRTVG a día de hoxe.

Tal e como era coñecido xa entón, esta información era falsa. Non foi detido, e a información “obviou” que a declaración foi voluntaria ante unha citación. En tal ocasión, a Dirección da CRTVG defendeu os criterios utilizados na emisión dos contidos, e non rectificou a súa postura a pesares de evidenciarse falsa. As denuncias de parcialidade no trato respecto de noticias que apuntan a responsables políticos do PP e doutros partidos, neste sinalado caso do PSdeG, foron claras pero foron negadas por parte desta mesma Dirección.

En recentes datas, o edil lalinense foi exculpado das acusacións e o caso foi arquivado. Evidenciáronse, unha vez máis, que as informacións vertidas pola CRTVG foron falsas, e estendéronse máis alá das emitidas por outros medios que en todo momento sinalaron a precisa situación xudicial de González Casares e que recolleron a noticia do arquivo da causa. Por poñer algúns exemplos:

- El juez exculpa a Casares de la denuncia por acoso laboral y falsificación. Diario de Pontevedra, 15 de setembro de 2018.
- El juzgado de Lalín archiva las denuncias contra González Casares. La Voz de Galicia. 15 de setembro de 2018.



- Archivada la causa contra el teniente alcalde de Lalín por supuesta falsificación de documentos y acoso laboral. Europa Press, 14 de setembro de 2018.
- Archivan la denuncia contra Casares por acoso y falsificación de documentos. Faro de Vigo, 14 de setembro de 2018.

Nada se atopa nas informacións emitidas ou redactadas en todo o eido da CRTVG.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes pregunta para o seu debate en Comisión:

1. Por que existe unha tan grande diferenza de trato das novas referidas a este caso dende a CRTVG respecto doutros medios que informaron dela?
2. Por que a CRTVG renunciou a emitir ou difundir calquera información referida ao arquivo dunha denuncia tras ter sido tan relevante o proceso xudicial que se deu anteriormente como froito dela?
3. Como pode explicarse a emisión e mantemento dunha nova evidenciada como falsa?
4. Que criterios deontolóxicos sosteñen o referido ao tratamento deste caso por parte da CRTVG?

Pazo do Parlamento, 2 de outubro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 02/10/2018 17:01:43

María Luisa Pierres López na data 02/10/2018 17:01:49



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2018 17:09
Nº Rexistro: 37980
Data envío: 02/10/2018 17:09:24.525

Noela Blanco Rodríguez na data 02/10/2018 17:01:53

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da
Corporación da RTVG

Día: 31.10.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 38666(10/POC-006064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as razóns da retransmisión en directo pola TVG do
desfile militar das Forzas Armadas españolas o 12 de outubro
de 2018

Publicación da iniciativa, 371, 16.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:15
Nº Rexistro: 38666
Data envío: 11/10/2018 17:15:29.711

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a retransmisión do desfile militar das Forzas Armadas o 12 de outubro.

O Comité intercentros da CRTVG denunciou a emisión en directo a través da TVG do desfile militar co gallo do 12 de outubro, un feito que nunca antes acontecera nos máis de trinta anos de historia da Corporación.

Cómpre lembrar que, alén da opinión que mereza esta festividade e os actos que as institucións españolas organizan arredor dela, o desfile das Forzas Armadas españolas é retransmitido todos os anos pola RTVE cuxas canles chegan a todos e cada un dos televisores de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

-Cal foi a razón para retransmitir a través da TVG o desfile militar do 12 de outubro?

-Por que este ano foi a primeira ocasión?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:15
Nº Rexistro: 38666

Data envío: 11/10/2018 17:15:29.711

-Cre a Dirección Xeral da CRTVG que responde á misión de servizo público a retransmisión dun desfile militar que, alén do máis, xa emite TVE?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Asdo.: Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/10/2018 17:14:58

María Montserrat Prado Cores na data 11/10/2018 17:15:04

Ana Pontón Mondelo na data 11/10/2018 17:15:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/10/2018 17:15:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2018 17:15
Nº Rexistro: 38666
Data envío: 11/10/2018 17:15:29.711

Noa Presas Bergantiños na data 11/10/2018 17:15:08

Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2018 17:15:09